



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2013**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e tres de setembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén, como secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 16 de setembro de 2013**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de setembro de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Correspondencia**

- Correo electrónico remitido polo gabinete de presidencia da FEGAMP o día 17 de setembro de 2013, no que se dá traslado dun comunicado da Delegación do Goberno no que se informa sobre a iniciativa do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) entre as administracións públicas, a través dos servizos da Oficina Virtual de Rexistro de Entidades (ORVE). Para integrarse será necesario a adhesión mediante convenio coa comunidade autónoma ou deputación provincial.

Faise constar que, se ás comunidades autónomas ou ás deputacións provinciais non lles resultase de interese, pode realizarse un acordo expreso coas entidades locais, sendo necesario, en calquera caso, a sinatura do convenio coa súa deputación provincial ou coa comunidade autónoma.

Copia deste correo electrónico foi reenviado, o día 18 de setembro de 2013, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, a don Manuel Paz Vázquez, administrador do sistema informático municipal, así como a dona Pilar Fernández Caeiro, responsable do proxecto de administración electrónica para os concellos da Deputación Provincial da Coruña.

- Instrucións remitidas vía correo electrónico pola xefa provincial de Tráfico co fin de simplificar o procedemento a seguir por parte do concello na xestión dos trámites de troco de domicilio no permiso de condución e circulación. Achégase copia do novo protocolo de actuación para a aplicación do Convenio DGT-FEMP, así como o modelo de solicitude en castelán e galego, o que leva consigo unha simplificación do procedemento a seguir por parte do concello.

- Resolución do 5 de setembro de 2013, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables promovidos polos concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o período 2013/14. (Diario Oficial de Galicia número 177, de data 17 de setembro de 2013).

- Real decreto 670/2013, de 6 de setembro, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, de 11 de abril, en materia de rexistro de augas e criterios de valoración de danos ao dominio público hidráulico. (Boletín Oficial do Estado número 227, de data 21 de setembro de 2013).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos**

Don Manuel Marante Gómez informa que hai que tomar unha decisión sobre que orzamento se vai destinar á iluminación do nadal. No ano 2011-2012 foron 31.200€, e o ano pasado, que foron 19.900€, puxeron os mesmos arcos que o ano anterior. Di que, ou ben se sube a 25 ou 30.000€, ou se non, hai que rebaixar o número de arcos que hai que poñer. El propón que o orzamento se suba aos 25 ou 30.000€.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que colocar os arcos separados queda mal, pensa que o mellor é agrupalos por zonas e non separalos.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Don Manuel Marante Gómez explica que, se agrupan os arcos nuns lugares, os veciños das parroquias poden enfadarse. A idea que el defende é colocar os arcos na entrada das parroquias ou ao carón das igrexas.

Don Felipe Andreu Barallobre lembra que aquí en Cambre se puxeron dispersos.

Don Manuel Marante Gómez contesta que en Cambre se puxeron os mesmos, e nos mesmos lugares. Di que onde si puido haber algún troco foi na parroquia do Temple, onde se cambiaron unhas rúas por outras.

O Sr. alcalde propón que se traia preparado este tema o vindeiro luns, con informes.

Para concluír, don Manuel Marante Gómez procede a explicar a proposta que a súa concellería leva ao pleno ordinario que terá lugar esta semana, respecto da alternativa á supresión do paso a nivel do pk. 535/172 (Ponte Cela).

Pola secretaria faise constar que haberá que mirar se se trata dunha competencia do pleno ou non.

Don Manuel Marante Gómez contesta que se mire, e auséntase da sesión para levar a cabo xestións da súa área.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que esta semana agarda poder licitar as obras de renovación de firme na rúa Isaac Peral e saneamento en varias rúas do Espírito Santo, que están subvencionadas pola Xunta.

Tamén informa que xa se asinou o contrato coa empresa Canarga para a execución das obras de renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e outras, incluídas dentro do POS 2013.

Así mesmo, informa que xa se remitiu para publicar no *Boletín Oficial da Provincia* o anuncio de licitación da prestación do servizo de axuda no fogar.

A continuación, explica que entre hoxe e mañá encargará o arranxo das fachadas da biblioteca e locais sociais da Barcala, e a fachada do pavillón do Graxal, que teñen un importe inferior a 5.000 €.

Finalmente informa de que se arquivou o expediente disciplinario que estaba aberto ao conserxe do colexio Wenceslao Fernández Flórez, e ademais chegouse a unha solución co traballador, que solicitou o traslado a outro posto de traballo.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que a partir de mañá, no Centro de formación ocupacional, terán lugar as entrevistas das preto de 120 persoas preseleccionadas para participar no obradoiro de emprego de atención sociosanitaria. Todas elas figuran empadroadas no municipio de Cambre.

Tamén informa que a semana pasada se recibiu a resolución favorable para a subvención dun posto de orientador laboral só para o Concello de Cambre. A data estimada de comezo desta actividade sería a finais de outubro.

Seguidamente lembra que o día 2 de outubro a feira tradicional subirá para o Campo da Feira. Este mércores vai ter unha reunión con todos os feirantes.

Conclúe informando que se están ultimando os convenios para a realización de prácticas dos plans AFD (Accións Formativas para os desempregados), isto para os catro certificados de profesionalidade.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que o venres tivo unha reunión cos veciños da Confeitería M<sup>a</sup> Jesús, que acudiron acompañados dun técnico. O que está marcado é o protocolo para a realización da medición, e cando se poñan de acordo todas as partes, fixarase a hora da medición. Mandarase hoxe, e se están de acordo, diráselles que poñan eles a data.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que esta semana sairán publicadas as bases da edición número 30 do Certame de Pintura.

Tamén informa que o vindeiro venres, ás 19:30 horas, no centro socio-cultural do Graxal, terá lugar unha obra de teatro destinada ao público infantil.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel informa que a semana pasada comezaron as actividades na Casa da Cultura. Tiveron moitísimo éxito e acollida, e os pais quedaron moi satisfeitos.

A continuación informa que xa saiu publicada integramente a Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, polo que pode comezar a aplicarse.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Explica que despois de ter falado cos establecementos de Cambre, todos eles, agás o Eroski da Barcala e o que está en Oleiros, teñen renunciado a dar o servizo dos vales de alimentos, xa que non poden competir coas grandes superficies. Conclúe dicindo que o lamenta, porque ata agora o servizo estíbese efectuando por unha empresa de Cambre, polo que o diñeiro quedaba en Cambre.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa de que no departamento de Xuventude está en marcha o programa de animación xuvenil, e atópase aberto o prazo de inscrición na actividade de surf.

Tamén informa que no departamento de Deportes xa están informados favorablemente os convenios de béisbol, judo e baloncesto. Así mesmo, xa están asinadas as prescricións técnicas para as escolas de actividades físicas e deportivas, e xa foron remitidas ao departamento de Contratación.

A continuación, informa que o pasado luns, ás 22:10 horas, houbo un incidente no complexo da Barcala, e tomouse a decisión de iniciar o procedemento para determinar a posible imposición de sancións á empresa adjudicataria. Teñen un informe emitido polo enxeñeiro.

Por outra parte, o día 5, no polideportivo de Cambre, das 16:00 a 20:00 horas, terá lugar unha xornada técnica de Kung fu, Taichi o día 5 no ximnasio de Cambre, e un roteiro de BTT o día 27 de outubro.

Finalmente informa que os días 31 de setembro e 1, 2 e 3 de outubro, terá lugar a Cambre-red.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia